

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE (XERENCIA DA ÁREA SANITARIA DE OURENSE, VERÍN E O BARCO DE VALDEORRAS) E A UNIVERSIDADE NACIONAL DE EDUCACIÓN A DISTANCIA (UNED) PARA A PROMOCIÓN DA INVESTIGACIÓN.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou, o día 29 de xaneiro do 2026, coa Universidade Nacional de Educación a Distancia o instrumento convencional arriba referido, cun prazo de vixencia de 4 anos dende o día seguinte ao da sinatura. Non obstante, de conformidade co establecido no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, antes da finalización do prazo de vixencia, os asinantes do convenio poderán acordar a súa prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto definir as bases dunha ampla colaboración entre o Servizo Galego de Saúde (Xerencia da Área Sanitaria de Ourense, Verín e o Barco de Valdeorras) e a Universidade Nacional de Educación a Distancia, en materia de investigación e formación predoctoral, dos profesionais sanitarios.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asinou se fundamenta no seguinte:

Que o Servicio Galego de Saúde, organismo autónomo creado pola Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, do Servizo Galego de Saúde, e adscrito á Consellería de Sanidade, ten atribuídas as competencias precisas para o desenvolvemento de todas as áreas que configuran o concepto integral da saúde, xestionando a sanidade en todas as súas facetas, de conformidade co previsto no Título VI da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia. Tanto a Lei 8/2008, do 10 de xullo, como o Decreto 145/2024, do 20 de maio, determínase que este é un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica e plena capacidade para cumprir os seus remates e para o desenvolvemento axustado das competencias.

Que o Servizo Galego de Saúde (Xerencia Área Sanitaria de Ourense, Verín e O Barco de Valdeorras) desenvolve actividades de investigación que permiten ofrecer ache-



gas relevantes tanto a nivel teórico como no campo da práctica clínica. Concretamente, o Servizo Galego de Saúde está interesado en promover a realización de estudos de doutoramento por parte dos seus profesionais sanitarios.

Que a Universidade Nacional de Educación a Distancia (en diante UNED), é unha institución de dereito público, dotada de personalidade e plena autonomía (art. 1 dos Estatutos). Entre as súas funcións xerais, a UNED ten a correspondente á preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan a aplicación de coñecementos e métodos científicos, así como, o apoio científico e técnico ao desenvolvemento cultural, social e económico, tanto estatal como das Comunidades Autónomas (art. 2 da Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo do sistema universitario), finalidade que a UNED recolle e especifica no artigo 4 b e c dos seus Estatutos aprobados por Real Decreto 1239/2011, do 8 de setembro.

Para o cumprimento da devandita finalidade, a docencia da UNED comprende cursos de Formación Permanente ou outros que poden ser obxecto de certificación ou diploma, para cuxa implantación a UNED pode asinar convenios de colaboración con outras institucións ou organismos solicitados no seu establecemento (art. 245 e en relación ao art. 99.1 dos Estatutos da UNED), o que constitúe o marco legal de subscripción do presente convenio.

Ambas as institucións, ao contar con personalidade xurídica propia, están facultadas para celebrar convenios desta natureza co fin de cumprir adecuadamente os obxectivos que lles foron encomendados. Así mesmo, están unidas pola comunidade de obxectivos nos ámbitos académico e científico, como institucións dedicadas ao campo da educación e a investigación, manifestan o seu interese en promover o intercambio de coñecemento científico e cultural. Neste sentido, comparten metas comúns relacionadas co fomento da investigación e a formación de calidade, así como coa difusión cultural. Xa que logo, ambas as partes expresan a súa vontade de colaborar na realización de proxectos de investigación conxunta dentro da Escola Internacional de Doutoramento da UNED.

Os programas, actividades a emprender se desenvolverán posteriormente, nos aspectos concretos mediante acordos específicos singularizados referidos a cada unha das áreas de actuación, que incorporaranse progresivamente a medida que se vaian formalizando e formarán parte inseparable do presente convenio marco, como anexos ao mesmo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento





Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificando o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

